



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A DEPORTIVO/A, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 DE ESTABILIZACION DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE PONTECESO

Pola resolución da Alcaldía núm. 386/2022 de data 27 de maio de 2022, publicada no BOP núm. 102 de data 31-05-2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público de carácter extraordinario para a estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 deste concello, consonte ao establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, sometida previamente á mesa xeral de negociación coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, as máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia e aos sindicatos que obtivesen o dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados e xuntas de persoal celebradas no Concello de Ponteceso, de conformidade co establecido no artigo 37.1.l) do RDL 5/2025, polo que se aproba o TREBEP, e 149.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, concorrendo CSIF, CIG e UGT.

No BOP núm. 245 do 28 de decembro de 2022 e no taboleiro da sede electrónica municipal publicáronse integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria e provisión das prazas incluídas na OPE extraordinaria de estabilización do emprego temporal 2022 do Concello de Ponteceso, aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 1050/2022 do 20-12-2022, corrixiada a mesma polas resolucións núm. 1066/2022 do 22-12-2022 e 96/2023 do 02-02-2023, publicándose, así mesmo, un extracto da convocatoria no DOG núm. 14 de 20 de xaneiro de 2023. No BOE núm. 31 de 6 de febreiro de 2023 publícase un extracto da convocatoria polo que o período de presentación de solicitudes para participar nos procesos selectivos convocados abriuse o día 7 de febreiro de 2023, permanecendo aberto ata o día 6 de marzo de 2023, ambos inclusive.

Pola resolución de Alcaldía núm. 208/2023 do 16-03-2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas das distintas prazas convocadas, resultando publicada no BOP núm. 56 do 22-03-2023, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, outorgándose un prazo de 10 días hábiles para a emenda das solicitudes excluídas e nomeando aos membros dos tribunais que xulgarán os procesos selectivos. Pola resolución da alcaldía núm. 334/2023 do 22-04-2023 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocouse aos membros do tribunal para o comezo dos procesos selectivos, establecendo o comezo dos procesos selectivos na data de 08-05-2023, ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso, aos efectos da súa constitución e posterior realización da fase de concurso mediante a valoración dos méritos presentados polos/as aspirantes admitidos/as para as prazas de ANIMADOR/A CULTURAL, ANIMADOR/A DEPORTIVO/A e MONITOR/A ACTIVIDADES DE CULTURA E DEPORTES, debendo presentarse a dita hora os aspirantes que non acreditaron o requisito de coñecemento da lingua galega esixido na correspondente convocatoria para a realización da proba prevista na base xeral 6.3 e na específica Terceira.2.

Ás 09:05, unha vez constituído o Tribunal e previamente á celebración da primeira das sesións convocadas para a data 08-05-2023, comezouse o chamamento de todos/as aspirantes admitidos/as para a participación no proceso selectivo convocado para prover en propiedade e mediante o procedemento de concurso, unha praza de ANIMADOR/A DEPORTIVO/A, persoal



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

laboral fixo, incluída na OPE extraordinaria de estabilización do emprego temporal 2022 do Concello de Ponteceso que non acreditaron o requisito de coñecemento da lingua galega esixido na correspondente convocatoria. consonte ao establecido na base xeral 6.3 e na específica Terceira.2. A proba consistirá nunha breve tradución dun texto do galego ao castelán, proporcional ao nivel de galego esixido nas bases xerais e específicas, CELGA 4, nun tempo máximo de 20 minutos. A cualificación será de APTO ou NON APTO, tendo carácter eliminatorio.

1	PERAL LÓPEZ DANIEL	***1274**	Non presentado
---	--------------------	-----------	-------------------

O aspirante PERAL LÓPEZ DANIEL non se presenta á proba do coñecemento da lingua galega polo que queda excluído do proceso selectivo.

Sendo as 10.01 horas do día 8 de maio de 2023 no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso concorren os seguintes membros do tribunal para a provisión da praza de ANIMADOR/A DEPORTIVO/A:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso.

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario do Concello de Ponteceso.

Vogais: D^a. Antía Pena Dorado, Secretaria do Concello de Ponteceso; D. Emilio Caínzos Quintás, Técnico de Administración Xeral-coordinador xeral do Concello de Ponteceso; e D^a. María José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso.

Asiste como observador D. Pedro Javier Alvarez Bugallo, representante do sindicato CSIF.

A presidenta declara constituído o tribunal de selección.

Comézase a valorar a fase concurso, consonte ao establecido nas Bases Xerais e Específicas, salientando que o tribunal cinguirase ao establecido nas mesmas:

Base específica sexta:

“Sexta.- Sistema de selección e valoración de méritos.

O sistema de selección será, de conformidade co art. 61.6 e 7 do TREBEP, o excepcional de concurso, ao reunir a praza convocada os requisitos establecidos para estes procesos, ao estar ocupada con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 01/01/2016 e as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016 (Disposición Adicional 6ª e 8ª).

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polos aspirantes á data establecida, de conformidade co baremo que se indique nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

A valoración máxima será de 100 puntos.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude de participación ou non acreditados documentalmente durante o prazo de presentación.

Con carácter xeral serán méritos avaliáveis nesta fase os seguintes méritos, de acordo co baremo que se indica:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

1. Méritos profesionais: 70 puntos

- Servizos prestados no mesmo corpo, escala, categoría ou denominación equivalente do Concello de Ponteceso, en calidade de persoal temporal: 1,00 punto por mes completo
- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou denominacións equivalentes doutras Administracións públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,50 punto por mes completo.

Para acreditar a experiencia laboral no Concello de Ponteceso realizarase de oficio a certificación acreditativa dos solicitantes. Para acreditar a experiencia laboral nas restantes Administracións Públicas aportaranse os certificados expedidos pola secretaría das mesmas, ou órgano correspondente así como o informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o período, categoría e grupo de cotización. Non se terán en conta os períodos inferiores a un mes.

Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente, agás no caso das prazas que se convocan como persoal laboral indefinido fixo descontinuo a tempo parcial

2. Outros méritos: 30 puntos

- Formación e capacitacións profesionais (puntuación máxima deste apartado: 30,00 puntos)

Só se valorarán as accións formativas debidamente, impartidas por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades, Organizacións Sindicais ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo sempre que fosen oficialmente recoñecidos e homologados por un organismo público, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros. Nas prazas de condutores valoraranse tamén os méritos relativos a formación nas materias de electricidade, manexo de maquinaria e outros relacionados coas prazas. Acreditaranse por medio do certificado e no que deberá figurar o número de horas e o seu contido. Os cursos de menos de 8 horas de duración non serán valorados. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 8 horas e polo tanto non serán valorados. Valorarase a posesión de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto de estabilización

Puntuarase:

- *Por grupos e subgrupos, asimilados, e en función da titulación esixida na correspondente praza a proveer, a táboa de puntuacións por cursos de formación será seguinte:
Subgrupo A2, B ou asimilado (G.Prof. II): (0,125 puntos hora)*
- *Pola acreditación de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto de estabilización: 2 puntos.*
- *Polo coñecemento da lingua galega:*

Para todos os Grupos Profesionais ou subgrupos ou asimilados, en que se encontre encadrada a praza obxecto de cobertura:

Por ter acreditado un nivel superior de coñecemento da lingua galega ao esixido en cada convocatoria:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

1 punto.

Por ter o curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga: 1,5 puntos.

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2 puntos.

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento da lingua galega, só se computará o superior.

.....”

No caso de obter puntuacións iguais entre os aspirantes, para o desempate resolverase segundo o disposto na base 9, a cal establece:

“9. Criterios de desempate

Para ambos sistemas de estabilización, concurso-oposición (art. 2 da Lei 20/2021) como no excepcional de concurso (Disposicións Adicionais 6ª e 8) no caso de empate entre os candidatos resolverase da seguinte forma:

1º.- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º.- Maior antigüidade recoñecida na Administración Pública convocante.

3º.- Maior antigüidade recoñecida nas restantes Administracións Públicas.

4º.- No caso de persistir o empate resolverase a favor do aspirante de maior idade.”

O tribunal acorda que na presente convocatoria só se valorarán, consonte ás bases, os méritos profesionais en postos de traballo de denominación equivalente ao posto convocado (ANIMADOR/A DEPORTIVO) con similitude de funcións, sexan do Concello de Ponteceso ou outras Administracións Públicas. Deberanse acreditar os correspondentes ao Concello de Ponteceso coa certificación expedida pola secretaría e os correspondentes a outras Administracións Públicas mediante a certificación correspondente e o informe de vida laboral, tal como esixen as bases. Con respecto a outros méritos valoraranse con suxeición á literalidade das bases, non valorándose os cursos non relacionados coas funcións da praza a proveer, agás os transversais.

Realizada a valoración de méritos da fase concurso o tribunal, por unanimidade, outorga as seguintes puntuacións:

PRAZA : ANIMADOR/A DEPORTIVO/A						
FASE: CONCURSO- PUNTUACIÓN OBTIDA						
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
1	CORZÓN MATO RAÚL	***0327**	0	0	0,00	
2	MUÑOZ FERRO JAIME	***0254**	0	30	30,00	*24/05/1985
3	RODRÍGUEZ MUNIN DANIEL	***6215**	0	30	30,00	*09/03/1994



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

PRAZA : ANIMADOR/A DEPORTIVO/A						
FASE: CONCURSO- PUNTUACIÓN OBTIDA						
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
4	VARELA CASTRO MARIA REMEDIOS	***1752**	70	30	100,00	

*Data nacemento

A relación de resultados outorgados aos aspirantes, ordenados de forma decrecente segundo a puntuación obtida, excluindo aos aspirantes que obtiveron 0 puntos e procedendo nos casos de empate consonte ao criterio 4º establecido na base xeral 9 (maior idade), ao non darse os casos previstos nos tres primeiros apartados, son os seguintes:

PRAZA : ANIMADOR/A DEPORTIVO/A						
FASE: CONCURSO- ORDE DECRECENTE PUNTUACIÓN OBTIDA						
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROF.	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
1	VARELA CASTRO MARIA REMEDIOS	***1752**	70	30	100,00	
2	MUÑOZ FERRO JAIME	***0254**	0	30	30,00	*24/05/1985
3	RODRÍGUEZ MUNIN DANIEL	***6215**	0	30	30,00	*09/03/1994

*Data nacemento

De conformidade coa base xeral 12, o tribunal procederá con suxeición á mesma: *“Finalizado o proceso de selección, o Tribunal Cualificador elevará a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzada, con indicación do documento nacional de identidade -na forma prevista legalmente para a protección dos datos de carácter persoal-, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, ao órgano competente para a resolución do proceso selectivo, que así mesmo ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e sede electrónica do Concello”.*

Polo que, finalizado o proceso de selección, consonte ás valoracións outorgadas o tribunal, por



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

unanimidade, acorda:

Primeiro.- Declarar aprobada á aspirante que obtivo a maior puntuación, e elevar a proposta de contratación para a praza de ANIMADOR/A DEPORTIVO/A persoal laboral fixo, grupo profesional II, asimilado a subgrupo funcionarios A2, sendo a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS	OUTROS MÉRITOS	TOTAL
VARELA CASTRO M ^a REMEDIOS	***1752**	70	30	100,00

Segundo.- Elevar a proposta de formación da bolsa de emprego para a categoría de ANIMADOR/A DEPORTIVO/A composta polos aspirantes non aprobados, consonte ao establecido na base xeral 16, procedendo nos casos de empate segundo o establecido no apartado 4º (maior idade) da base xera 9 ao non darse os casos previstos nos tres primeiros apartados:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROF.	OUTROS MÉRITOS	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9
1	MUÑOZ FERRO JAIME	***0254**	0	30	30,00	*24/05/1985
2	RODRÍGUEZ MUNIN DANIEL	***6215**	0	30	30,00	*09/03/1994

Sendo as 10.30 horas do día 8 de maio de 2023, a presidenta dá por rematada a sesión do tribunal, e redáctase e asínase a presente acta.

A presidenta

O secretario

Os vogais: